

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NA PRESENTACIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010

Autoridades presentes, amigas e amigos.

Un Plan que ten ambición, un Plan que quere ser de todos, un Plan que aspira a ter continuidade, un Plan que atinxe a algo tan importante como o noso perímetro costeiro, ten que partir dunha visión coherente coa nosa Terra.

Galicia é unha unidade que supón unha realidade diferente, que reclama solucións diferentes. Non é somentes a orografía a que nos distingue, senon tamén factores demográficos e sociolóxicos, sen os que dificilmente se pode entender o que somos.

Galicia tamén é un país diverso que demanda dos seus gobernantes un traballo adicional e un respecto especial ás peculiaridades de cada territorio. Non valen para nós planificacións uniformes que tentan apreixar, en modelos teóricos, circunstancias diversas.

Galicia é unha comunidade armónica, capaz de mancomunar esforzos. A presenza aquí dunha ampla representación do municipalismo galego, demostra que o desexo de formular entre todos un interese xeral, un ben común, uns obxectivos compartidos, non é unha utopía.

Diferencia, diversidade, armonía. Todos eses calificativos que tan ben se axustan ao noso país, fan necesaria unha política cooperativa. Só unha Galicia cooperativista na que se contemplan

globalmente os desafíos e as respostas, terá garantías de éxito no mundo que vivimos.

Pois ben; o Plan de Ordenación do Litoral e a resposta a un dos principais desafíos que plantexa o noso territorio. Detrás del hai, como vostedes puideron comprobar, moito traballo técnico, pero sobre todo unha gran confianza na nosa terra e na nosa xente, e moita fe no acordo entre institucións, asociacións e administracións.

Nas últimas décadas Galicia, e moi especialmente o seu litoral, experimentou unha evolución vertixinosa que mudou as súas condicións de vida e alterou en gran medida a fisonomía do territorio.

Estas transformacións non sempre supuxeron unha mellora integral para o conxunto do país e adquiriron maior repercusión obviamente no territorio costeiro: a profusión da edificación, a dispersión, a urbanización difusa e arquitecturas alleas, marcaron en moitos casos o carácter do territorio e contribuíron a unha acentuada fragmentación territorial e paisaxística forxada no litoral ao longo de centos de anos.

O litoral de Galicia é, sen dúbida, un dos espazos máis definitorios da riqueza paisaxística e un recurso de extraordinario valor no pasado, no presente e no futuro.

No seu ámbito aséntase arredor do 70% da poboación e localízanse catro das nosas sete grandes cidades.

Nos seus máis de 2.500 km que conforman costas, illas e marismas, encádranse 867 praias, 19 rías, 128 portos.

Da monumental natureza das Catedrais da Mariña ao asentamento castrexo de Santa Tegra, ao longo do noso litoral sucédense expoñentes únicos para a diversidade: os acantilados máis

elevados da Europa continental, o Faro más antigo do mundo, o vello Finisterrae das terras coñecidas...lugares cheos de historia e de vida que fan das nosas costas escenarios singulares e irrepetibles.

Estamos, pois, ante un espazo de gran importancia onde se teñen detectado ata 165 núcleos de marcada identidade, pero tamén un dos máis vulnerables do territorio de Galicia, por iso era preciso avanzar todo o posible na súa protección.

Desde o Goberno galego somos conscientes de que a paisaxe debe ser algo máis que un recurso sentimental ou estético.

É, certamente, un dos trazos máis definidores do *rostro do país* que Domingo Fontán, con tanta fidelidade, debuxara, e que Otero Pedrayo con tanta inspiración, axudou a interpretar.

Pero a paisaxe é, sobre todo, un activo de futuro, un valor seguro e constante, que como tal debe ser preservado.

O noso litoral ten que ser un espazo para a vida, para o lecer, e debeo ser tamén para unha actividade económica claramente regulamentada e respectuosa coa propia fragilidade dun contorno sumamente delicado.

Con ese fin elaborouse este Plan de Ordenación do Litoral que hoxe se presenta e que hoxe comeza a súa exposición ao público.

Galicia era unha excepción na ordenación do litoral do arco atlántico europeo.

Portugal, Francia e o Reino Unido, dispoñían xa dunha primeira xeración de plans de protección en gran medida iniciada nos anos 90.

E as comunidades españolas comezaron ese camiño na pasada década, logrando dispoñer nos últimos anos –agás Andalucía que está a piques de rematala- dunha norma de referencia para a ordenación do seu litoral.

A nosa Comunidade xa tiña previsto a creación desta figura, a través da Lei de Ordenación do Territorio de 1995 os dous gobernos que precederon ao actual iniciaron os primeiros traballos para dotármonos deste instrumento específico e integral para ordenar o litoral. E por iso a miña gratitude aos que traballaron nos dous gobernos anteriores polo seu esforzo.

Este documento que agora se presenta marca as regras do xogo polo que deberá fluír o desenvolvemento de cada área, de cada concello... en definitiva, de cada cidadán de Galicia, que ten aínda o privilexio de vivir e gozar dun territorio singular.

O Plan do Litoral estuda e delimita o territorio costeiro de 84 concellos para ofrecer un modelo que contribúe a regular a protección e os usos de 212.000 hectáreas, que equivalen a algo máis do 7% (7,2%) do territorio de Galicia.

É un ámbito que non se traza cunha liña continua que delimita unha franxa homoxénea e arbitraria desde un despacho, nin remite a ningún número máxico.

Responde a un intenso e exhaustivo traballo sobre o terreo realizado de forma individualizada para axustar as determinacións a cada zona, a cada concello.

A costa de Galicia non é uniforme nin no seu relevo, nin na súa vexetación, nin nos seus moitos atractivos. Esa é unha das características principais e o que lle confire un gran valor.

E por iso as solucións non poden ser idénticas.

O Plan supón un ordenamento sistemático e intelixente da costa que protexe a súa natureza, sen renunciar a poñer en valor, para o conxunto da sociedade, as enormes posibilidades que atesoura.

Na historia recente dos países máis desenvolvidos, o recoñecemento e posta en valor do patrimonio territorial tivo os seus inicios nunha normativa extremadamente conservacionista e proteccionista, pero na actualidade esa tendencia está a evolucionar cara a políticas con formulacións máis amplas, incorporando a xestión como ferramenta e obxectivo mesmo da ordenación territorial

Conforme a iso, desde o Goberno galego entendemos que non se trata de prohibir con carácter xeral, senón de regular con criterio restritivo as distintas áreas en función do seu valor, asegurando a súa protección e o seu mantemento, pero tamén o seu goce, a súa rendibilidade social e o compromiso coas xeracións futuras.

Así, establécese unha estrutura composta por áreas, espazos e sistemas que se superpoñen e complementan para poder recoller as particularidades de cada ámbito, para configurar un plan feito á medida de Galicia.

Tamén se lle presta atención a aquelas áreas de carácter residencial, produtivo ou de servizos que, desvinculadas dos núcleos fundacionais, se consideran necesitadas de reconducir, na medida do posible, a degradación que presenten, cara a unha mellora da súa calidade ambiental e escénica.

Con todo, este Plan non clasifica nin cualifica o solo. Esa é unha tarefa que lle corresponde aos concellos que, dentro das súas competencias, deben establecer o modelo do seu planeamento municipal, para o que contarán coa referencia dun documento que os vai axudar a delimitar e a protexer os seus recursos ambientais e paisaxísticos máis valiosos, conforme ao interese xeral.

A nova norma convértese así nun instrumento imprescindible para acadar o necesario equilibrio entre urbanización, actividades e protección do territorio, na procura do desenvolvemento sostible.

Desde O Goberno queremos poñer á disposición da cidadanía, dos colectivos, das institucións, un instrumento concibido con vocación de consenso e de permanencia, unha base sobre a que cimentar un desenvolvemento sostible do noso litoral, que garanta a protección dun recurso tan vital como delicado, e que, en definitiva, axude a concienciarnos sobre o perigo de atentar contra os nosos mellores patrimonios.

Con este Plan do Litoral, Galicia debe afastar para sempre calquera indicio de identificación con perniciosos modelos de crecemento foráneo, creando un marco xurídico estable para converter a costa nun referente de conservación, de respecto e de fortalecemento dun dos sinais de identidade que nos axudan á consideración de pobo diferenciado.

E todo iso podémolo facer, como se fan as grandes empresas, con vontade, con decisión, con esforzo e, sobre todo, co apoio e o concurso de todos: institucións, forzas políticas, asociacións... mulleres e homes, en fin, desta terra aos que vai dirixido este documento e aos que convidamos a participar para conseguir un modelo propio que nos faga sentir o litoral, a nosa terra, cada día máis nosa.

Señoras e señores agradecemos a súa presenza; a dos líderes dos municipios de Galicia, dos representantes das deputacións, dos organismos sindicais e sociais, dos portavoces aos que afecta o Plan.

Agradecemos moito a oportunidade que ten agora Galicia de facer algo que realmente se poda cualificar de 10.

Debemos aprobar a asignatura de ter un litoral coidado, regulado e protexido; de ter un dos litorais máis complexos ordenado, protexido e regulamentado.

Estou convencido de que si queremos poderemos facelo e so si traballamos para protexer o litoral.